



**DATOS DOS ANIMAIS A SUBHASTAR O VINDEIRO 5 DE XUÑO EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA**

IDADE (MESES)	ICO	PRODUC NAI	CUALIF NAI	XENEALOXÍA	PREÑADA (MESES)	TOURO
27	1.928	10.572	76	BOLTON x LEREZ x MASON	8,0	XACOBEO
27	2.107	12.374	82	GOLDWYN x RUDOLPH	7,6	XACOBEO
24	1.597	11.609	78	CHAMOSO x LEE x LANDRO	6,8	XACOBEO
25	1.543	7.519	82	ELEGANT x FATAL x MEADOWLORD	6,4	SIX
28	1.593	8.508	82	IGNITER x TALENT x LEE	8,8	BUCKEYE
23	1.493	9.593	76	DOLMAN x IRON x RUDOLPH	8,3	ASHLAR
28	1.273	9.194	79	FARO x TRUCCO x MENDO	9,0	CURRO
24	1.758	11.264	82	MOURE x LEE x IGNITER	8,8	XACOBEO
26	1.430	13.436	80	FINAL CUT x LEE x MASON	8,4	XACOBEO
23	1.484	11.813	77	GARRISON x LYSTER x RUDOLPH	7,4	MATSON
24	1.853	12.883	76	BISBAL x AEROSTAR x CELSIUS	6,7	XACOBEO
25	1.804	7.449	81	BUCKEYE x FORBIDDEN x FROIAN	6,6	XACOBEO
25	1.874	11.079	80	ELEGANT x ICESHOW x CUBEIRO	8,5	BISBAL
23	1.440	9.349	78	SUSO x SISCO x LEREZ	7,1	MIRA
27	2.045	8.432	76	BOLTON x MARSHALL x STARDALE	7,0	LUCUS
29	1.972	11.694	82	XACOBEO x EXCEL x ALBARELLO	9,0	CHAMPION
26	2.298	7.353	80	GOLDWYN x TITANIC x IGNITER	7,4	CHAMPION
29	859	8.850	78	IGNITER x RUBENS x NOBEL	8,2	MILLION
23	1.198	12.618	77	BALTRO x STRATUS	6,6	CORTOBE
23	1.174	7.422	80	CHAMOSO x MAURICIO x AJAX	7,6	XACOBEO

**Perfil dos animais a presentar na poxa de gando frisón:**

- ▶ 25 meses de idade
- ▶ Preñadas de 8 meses
- ▶ ICO medio de 1.636
- ▶ Produción da nai de 10.150 Kg.
- ▶ Cualificación morfolóxica da nai de 79 puntos.



## REGULAMENTO DA POXA

### 1. ORGANIZACIÓN

Poxa organizada polo Concello de Castro de Rei e Africor-Lugo

### 2. FINALIDADE

A finalidade desta poxa é a de potenciar a comercialización de animais criados en explotacións gandeiras da provincia de Lugo.

### 3. SELECCIÓN E ADMISIÓN DE ANIMÁIS

A selección e admisión de animais para a poxa corresponde á comisión organizadora, que velara en todo momento pola calidade dos animais a presentar e comprobará que estes cumpran a normativa sanitaria e xenealóxica requerida. Os propietarios dos animais responsabilízanse dos datos aportados á Organización para a elaboración das Cartas Xenealóxicas. O custo das mesmas correrá a cargo do vendedor, así como as certificacións sanitarias que procedan. Todos os animais terán realizada proba de paternidade no Laboratorio de Xenética Molecular de Xenética Fontao.

### 4. PARTICIPACIÓN

Participan animais procedentes de explotacións en Control Leiteiro da provincia de Lugo que cumpren as esixencias marcadas pola comisión organizadora.

Non participan fillas de touros de monta natural, nin animais preñados con touros non frisóns.

As nais dos animais participantes, deben contar, con alomenos unha das seguintes condicións: unha lactación normalizada de 7.500 Kg. de leite ou unha cualificación morfolóxica de BB-80 ou superior. A nai do animal, no caso de estar cualificado, sempre será categoría B ou superior. No caso de que a nai do animal fose baixa sen produción e/ou cualificación, os requisitos serán aplicables á avoa materna.

Todas as xovencas estarán preñadas con data anterior a os 270 días contados dende a data de celebración da poxa.

### 5. CONDICIÓN SANITARIAS

Os animais participantes proceden de explotacións cualificadas sanitariamente.

Non se permitirá a entrada no recinto feiral a animais que presenten síntomas de calquera enfermidade, ou ben non presenten a documentación requerida polo regulamento sanitario sobre participación de animais en concursos, exposicións e poxas.

A maiores todos os animais presentados estarán analizados fronte a IBR (anticorpos específicos fronte á glicoproteína gB do virus da rinotraquite infecciosa bovina), BVD (anticorpos P80 e antixeno da diarrea vírica bovina), Neosporose (anticorpos ELISA indirecto) e Paratuberculose (anticorpos fronte ó Mycobacterium paratuberculose ELISA indirecto) debendo resultar negativos a IBR Ac, BVD Ax. e Ac (P80), a Neosporose e a Paratuberculose.

A organización poderá decidir sobre a conveniencia de ampliar os requisitos sanitarios ou as vacinas aplicadas.

As nais dos animais, se aindan están na explotación, tamén serán analizadas fronte a Neosporose e Paratuberculose. De resultar positivas, rexeitaranse as súas fillas, aínda que estas fosen negativas.

### 6. TRANSPORTE DO GANDO

O transporte do gando dende a gandería de orixe ao recinto feiral corre a cargo da Organización. Así mesmo, sufragaranse

os gastos do retomo no caso de que o animal vendido na poxa sexa adquirido por unha gandería da provincia de Lugo.

### 7. ENTRADA DO GANDO

A entrada do gando realizárase o día anterior á celebración da poxa.

Os animais presentados non poderán ser retirados das instalacións ata finalizado o certame, salvo caso de enfermidade, accidente ou causa de forza maior que así o aconselle, sempre a criterio da Comisión Organizadora.

### 8. SEGURO

A Comisión Organizadora provee aos animais participantes dun seguro que cubre os accidentes e/ou enfermidades que poidan producirse pola participación do gando na poxa.

Os animais xestantes teran unha cobertura adicional que cubre os riscos de aborto na semana anterior e posterior á poxa.

### 9. EXPOSICIÓN DO GANDO

O cuidado dos animais dende a chegada ata o momento da poxa corre a cargo da organización.

Cada animal contará cun cartel identificativo, facilitado pola organización, onde figurarán os datos xenealóxicos do animal e os produtivos da nai, a gandería de procedencia, así como o prezo de saída.

Todos os animais expostos teñen que entrar á poxa antes de ser vendidos. Non se permite a venda dos animais, dentro do recinto, que quedaron sen subastar, con posterioridade á poxa.

### 10. REALIZACIÓN DA POXA

Cada animal será exhibido ante os compradores e público asistente, polo tanto terá que ser presentado pola gandería vendedora nunhas condicións de doma e manexo axeitadas.

O prezo de saída será fixado, conxuntamente, polo propietario de cada animal e a Comisión Organizadora. Non se permitirá a participación de animais na poxa cun prezo de saída desproporcionado. No momento da exhibición o subastador anunciará o prezo de saída, empezándose a partir deses intres a poxa entre os compradores. Cada poxa significará un incremento de 50 € sobre o valor existente.

Os animais serán adxudicados ao mellor postor, no momento da poxa, quedando obrigados os compradores ao pago inmediato do prezo de remate. Os prezos de poxa non teñen en conta os posibles impostos que poideran xurdir da transacción comercial.

### 11. DISPOSICIÓN FINAL

A Comisión organizadora decidirá sobre todos os asuntos non contemplados no presente regulamento, decidindo e interpretando, de xeito inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se podan plantexar.

A participación na poxa presupón a aceptación do recollido neste regulamento.

XENÉTICA FONTAO obsequiará cun lote de 6 doses de touros probados por cada un dos lotes adquiridos na poxa.

